# PREGUNTAS FRECUENTES

## AXUDAS DESTINADAS AO ALUMNADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA QUE, POR CAUSAS SOBREVIDAS E IMPREVISTAS OCORRIDAS AO LONGO DO CURSO ACADÉMICO 2017/18, TEÑA DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA CONTINUAR ESTUDOS.

## CONVOCATORIA

### 1. Solicitantes

Alumnado matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao nas universidades do SUG cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada **por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas durante o actual curso académico** que lle impida ou dificulte a continuidade dos seus estudos.

Orfandade absoluta; situación de desemprego, falecemento, falta de pagamento acreditada por denuncia ou sentenza de pensións alimenticias nos casos de separación ou divorcio, enfermidade grave, recoñecemento de incapacidade permanente absoluta para todo traballo dalgún dos sustentadores principais da unidade familiar; vítimas de violencia de xénero; vítimas de actos terroristas e outras circunstancias non recollidas que, sendo debidamente acreditadas, repercutan na situación socioeconómica familiar.

### 2. Publicación e consulta

**DOG do 06/02/2018, Núm.26**
Orde do 04/12/2017

http://www.edu.xunta.gal/portal/node/24163
https://sede.xunta.gal/portada






## 3. Prazo de presentación de solicitudes

CAUSA SOBREVIDA E IMPREVISTA ACONTECIDA **CON ANTERIORIDADE** Á PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA
Do 7 de febreiro ao 6 de marzo de 2018

CAUSA SOBREVIDA E IMPREVISTA ACONTECIDA **CON POSTERIORIDADE** Á PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA
- Un mes desde que aconteceu a causa sobrevida sendo, nestes casos, a data límite para a presentación das solicitudes o día 31 de xullo de 2018.

## 4. Contía da axuda

| Segundo os seguintes limiares de renda per cápita do solicitante | Contía da axuda |
|---|---|
| Ata 5.000 euros | 2.750 euros |
| De 5.001 euros a 5.700 euros | 2.250 euros |
| De 5.701 euros a 6.400 euros | 1.750 euros |
| De 6.401 euros ao importe da pensión non contributiva individual que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, multiplicada por 1,5 | 1.500 euros |

## 5. Requisitos

| | |
|---|---|
| Requisitos xerais | - Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida e imprevista ocorrida no actual curso académico (orfandade absoluta; situación de desemprego, falecemento, falta de pagamento acreditada por denuncia ou sentenza de pensións alimenticias nos casos de separación ou divorcio, enfermidade grave, recoñecemento de incapacidade permanente absoluta para todo traballo dalgún dos sustentadores principais da unidade familiar; vítimas de violencia de xénero; vítimas de actos terroristas e outras circunstancias non recollidas que, sendo debidamente acreditadas, repercutan na situación socioeconómica familiar) |
| | - Que a situación sobrevida e imprevista acontecese durante o actual curso académico 2017/18. Entenderase por curso académico o comprendido entre o 1 de setembro de 2017 e o 30 de xuño de 2018. |
| Requisitos académicos | - Estar matriculado, no curso académico 2017/18, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios conducentes a unha titulación de grao, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, agás o alumnado a que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos que deberá de estar matriculado como mínimo de 30 créditos. |
| Requisitos económicos | - Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual que estableza a Lei de orzamentos xerais do estado para o ano 2018, multiplicada por 1,50. |
| Outros requisitos | - Non ter percibido esta axuda con anterioridade. |

## 6. Información e consultas

**Relacionadas con dificultades técnicas e co proceso de obtención dos formularios**
012 (desde Galicia)
981 900 643 (desde fóra de Galicia)
00 34 981 900 643 (desde o estranxeiro)
012@xunta.gal

**Presenciais**
**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**
Secretaría Xeral de Universidades
Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

**Relacionadas coa convocatoria**
981 54 44 03
orientacion.sug@edu.xunta.es

## 7. Solicitude e documentación

**SOLICITUDE**
http://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED433A

**SOLICITUDE PRESENCIAL**
Poderás presentar a solicitude xunto co resto da documentación nos rexistros da Xunta de Galicia, Administración xeral do Estado, Entidades locais (Portelo único)...e nas oficinas de Correos.

**TRAMITAR EN LIÑA**
Deberás xuntar a documentación, cubrir o que se che solicita, escanear os documentos, arquivalos no ordenador e posteriormente anexalos na pantalla de anexado de documentación

**Documentación a presentar**

****Anexo II de comprobación de datos de terceiras persoas** para a consulta de datos dos membros da unidade familiar.

**Xustificación da causa sobrevida e imprevista** ocorrida no actual curso académico en que fundamenta a petición da axuda para o cal presentará todos os documentos que a proben.

**Informe do/a traballador/a social do concello** en que estea empadroada a persoa solicitante que recolla a causa sobrevida e imprevista, así como a situación socioeconómica da unidade familiar, anterior e posterior á causa, que motive a necesidade urxente de recursos económicos.

**Informe da vida laboral,** actualizado á data da publicación desta orde, de cada membro computable da unidade familiar.

**Certificado de convivencia** emitido polo concello de todas as persoas que compoñan a unidade familiar que residan coa persoa solicitante no domicilio habitual actualizado á data da publicación desta orde.

****Modelo de representación** , só se a solicitude é presentada por outra persoa no teu nome.

Só cando a persoa solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, **documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en alugamento e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos**,

**Documentación acreditativa** (nóminas, certificacións bancarias, etc.) dos ingresos ou rendas da unidade familiar durante o ano 2017 e dos ingresos ou rendas mensuais de cada membro computable da unidade familiar durante o ano 2018.

** **Anexo II** de comprobación de datos de terceiras persoas para a consulta de datos dos membros da unidade familiar (https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED433A)




** Se presenta a solicitude outra persoa no teu nome xuntarase **O MODELO DE REPRESENTACIÓN** dispoñible en https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos



## 8. Incompatibilidades

**INCOMPATIBLE**

Cos seguintes compoñentes da Convocatoria xeral do MECD para o curso 2017/18:

- Contía fixa (ligada á renda e á residencia)
- Contía variable (mínimo 60€)

## 9. Procedemento, código e unidade responsable

**PROCEDEMENTO**

Axudas destinadas ao alumnado do SUG que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico 2017/18, teña dificultades económicas para continuar estudos

**CÓDIGO**

ED433A

**UNIDADE RESPONSABLE**

Secretaría Xeral de Universidades
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## INSTRUCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (ED433A)

- **Accedes á sede electrónica da Xunta de Galicia** (https://sede.xunta.gal/portada)






## Elixes a forma de presentación




## Solicitude presencial



Lugares onde presentar a solicitude e a documentación

**Principais oficinas de rexistro e información da Xunta de Galicia**

**- Santiago de Compostela:** Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo de San Caetano, s/n.

**- A Coruña**: Rexistro do Edif. Administrativo da Coruña, praza Luís Seoane, s/n. Monelos

**- Ferrol:** Rexistro do Edificio Administrativo de Ferrol, praza Camilo José Cela, s/n

**- Lugo:** Rexistro do Edificio Administrativo de Lugo, rolda da Muralla, 70

**- Ourense**: Rexistro do Edificio Administrativo de Ourense, avenida da Habana, 70.

**- Pontevedra**: Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra, rúa Fernández Ladreda, 43, Campolongo

**- Vigo:** Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo, praza da Estrela, rúa Concepción Arenal, 8

Máis oficinas en:

http://www.xunta.es/oficina-de-rexistro-e-informacion/presentacion

**Rexistros** de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio.

**Buscador** (https://www.xunta.gal/oficina-de-rexistro-e-informacion/localizacion-das-oficinas) que facilita a localización, por palabras, provincias ou concellos, das oficinas de rexistro propias da Xunta de Galicia. Ademais, a través destas ligazóns, tamén se pode consultar a relación de entidades locais galegas que recollen documentación para a Xunta de Galicia (Portelo único) ou a Administración xeral do Estado (060).

**Oficinas de Correos**

- Envío por correo postal certificado
- Presentarase na oficina en sobre aberto, para que o persoal de Correos sele a solicitude (anexo I, ED433A) e lle dea data de entrada. Con isto garántese que a data de remisión sexa anterior á de peche da convocatoria.

As solicitudes remitiranse a:

**Rexistro Xeral da Xunta de Galicia**
Edificio Administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

**Representacións diplomáticas** ou nas oficinas consulares de España no estranxeiro

http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/EmbajadasConsulados.aspx

## Tramitación en liña




Formas de acceder á tramitación en liña

**SOLICITANTE**

Chave 365

Certificado dixital

**REPRESENTANTE**

Coa súa Chave 365

Co seu Certificado dixital

**INFORMACIÓN**

Chave 365: https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365

Certificado e sinaturas electrónicas: https://www.xunta.gal/certificado-e-sinaturas-dixitais



## Paso 1. Cobres os datos do formulario




Unha vez cuberta a solicitude picas en **Gardar**. Comprobas que todos os teus datos están correctos e picas en **Continuar.**

## Paso 2. Anexado de documentación



Unha vez rematado o proceso picas en **Gardar e Continuar**

## Paso 3. Asinar e presentar no Rexistro






XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es




## Paso 4. Obter recibo

